

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS DE GALICIA PRESENTES NA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO DE GALICIA, PARA APOIO NO PROGRAMA DE REMUDA XERACIONAL DE NEGOCIOS (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR353D).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha banda José González Vázquez, Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto do seu nomeamento 44/2024, do 14 de abril, e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia), con CIF G36550630 representada por José Ramón Caldas Martínez con NIF 76793408L, en calidade de Presidente da mesma en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral da Asociación.

Doutra parte, a Asociación de Traballadores por Conta Propia da Comunidade de Galicia (ATA Galicia) con NIF G15812811 representada por Rafael Granados Guillén con NIF 32826811S, en calidade de Presidente da mesma, en virtude de seu nomeamento pola asemblea xeral da Asociación.

E doutra parte, a Asociación Gallega de Trabaxadores Autónomos y del Mar (AGTAMAR) con NIF G94116993, representada por Eduardo Abad Sabarís, con NIF 35459725G, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral da Asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas:



EXPOÑEN

Primeiro

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Correspóndelle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, propoñer, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, entre outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial, tal e como se recolle no apartado a) do artigo 1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG 101 do 27/05/2024)

Entre as súas prioridades básicas, atópase o fomento de todas aquelas actuacións que permitan dinamizar e aproveitar as oportunidades de creación de emprego, apoiando, neste sentido, todo tipo de actuacións que posibiliten a creación de empresas, como fórmulas de xeración de proxectos emprendedores.

Así mesmo lle corresponde a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio a integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e a formación profesional para o emprego en toda a súa extensión tal como indica o artigo 19. c) do devandito Decreto 147/2024, do 20 de maio.

Segundo

Con data 9 de novembro de 2023 o Consello da Xunta aprobou a "Estratexia Impulso Autónomo: Horizonte 27", coa finalidade de potenciar a percepción do emprego autónomo non como refuxio en tempos de crise, senón como a vía óptima para que calquera persoa poida desenvolver o seu proxecto profesional de xeito equilibrado coa súa vida persoal, aproveitando as vantaxes que presenta en canto á súa flexibilidade na organización e planificación do traballo; o emprego autónomo ofrece a oportunidade, mellor que ningunha outra fórmula, para deseñar un itinerario profesional á medida das necesidades e circunstancias da persoa traballadora.

Por este motivo, a Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27 céntrase en apoiar e promover o nacemento de iniciativas de emprego autónomo sólidas, con apoios para a súa consolidación e o acompañamento en toda o seu ciclo de vida ata a remuda xeracional.



O Eixe 2 da citada Estratexia: *“Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia”*, recolle como unha das súas liñas de actuación a de *“Potenciar a remuda xeracional mediante un programa experto de transmisión, cun espazo virtual de matching e un encontro anual de referencia.”*

A tal fin, publicouse o día 4 de febreiro de 2026 no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de axuda as persoas traballadoras autónomas, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (códigos de procedemento TR341D, TR790A, TR341Q, TR353D e TR341R), que inclúe no seu capítulo V, o Programa IV: Bono Remuda para o fomento do relevo xeracional de negocios (TR353D).

Terceiro

A Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (en diante APE Galicia), é unha entidade sen fins de lucro constituída, segundo os seus estatutos, polas persoas autónomas e pequenas empresas que desenvolven a súa actividade nos sectores de comercio, industria e servizos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Un dos principios inspiradores de APE Galicia é que os autónomos e pequenas empresas representan nas actuais condicións de desenvolvemento económico e social un medio de acción plenamente idóneo para que os homes e as mulleres poidan desenvolver con plenitude a súa libre capacidade de emprender iniciativas económico sociais que transformen progresivamente o medio económico no que viven.

Ten entre os seus obxectivos, a implantación dun novo marco económico financeiro que faga posible o máis completo desenvolvemento dos autónomos e pequenas empresas como eficaces centros de creación de riqueza e benestar, a adaptación dos autónomos e pequenas empresas ás novas tecnoloxías do mercado, ós cambios tecnolóxicos e ós modernos métodos de xestión empresarial ou a realización de actuacións que fomenten a inserción laboral dos colectivos en situación de desemprego e poñer especial énfase en fomentar a cultura emprendedora a través do fomento do autoemprego.

Cuarto

A Asociación de Traballadores por Conta Propia da Comunidade de Galicia (en diante ATA Galicia), constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro que exerce fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu ámbito profesional comprende a todos os gremios, oficios, profesións e actividades artísticas, agrícolas, gandeiras e pesqueiras, e en xeral, a todas a que realicen un traballo por conta propia e estean afiliados ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores Autónomos (RETA).

Ten entre os seus fins: a defensa dos intereses profesionais dos seus asociados, participar no deseño das políticas públicas que incidan sobre o traballo autónomo, dotar aos seus asociados dun instrumento válido de participación na elaboración de política do sector actuando como



interlocutor ante as Administracións públicas, velar polo fomento e promoción do traballo autónomo, e promover o autoemprego especialmente entre os colectivos desfavorecidos.

Quinto

A Asociación Gallega de Trabaxadores Autónomos y del Mar (en diante AGTAMAR) é unha entidade sen ánimo de lucro, de carácter intersectorial e de ámbito de actuación na Comunidade autónoma de Galicia.

AGTAMAR ten entre os seus fins actuar como estrutura representativa do colectivo asociado dentro do seu ámbito territorial propio para unha eficaz vertebración e coordinación na defensa dos seus intereses socioeconómicos e profesionais comúns. Así mesmo ten a finalidade de buscar en todo momento a axeitada coordinación de actuacións con todas as entidades e axentes sociais cuxos obxectivos resulten coincidentes cos da asociación para a mellor representación dos intereses profesionais do colectivo representado.

Para iso desenvolve distintas accións dirixidas ao colectivo representado co fin de contribuír a unha mellora da súa propia cualificación profesional e a do seu entorno, así como desenvolver programas de estudo, de promoción e de información da cultura emprendedora.

Sexto

É obxectivo común da tres asociacións de autónomos: APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR, o fomento do autoemprego entendendo como tal a mellor forma para a incorporación ao mercado laboral, sempre que se realice creando proxectos emprendedores viables que permitan o crecemento económico da sociedade galega.

Para a consecución deste obxectivo todas as asociacións asinantes deste convenio contan con persoal especializado e con experiencia no ámbito do emprendemento, a través do cal desenvolven asesoramento técnico aos seus asociados para o inicio do autoemprego, asesoramento para a procura de financiamento axeitado, información sobre as axudas dispoñibles. Así mesmo ofrecen o intercambio de experiencias con outras persoas emprendedoras para o desenvolvemento e consolidación dos negocios.

Ademais de fomentar o autoemprego e o emprendemento, na actualidade resulta necesario manter en funcionamento negocios sustentables que por falta de remuda xeracional ou por circunstancias persoais das persoas promotoras se ven abocados ao peche e polo tanto é importante buscar vías alternativas para garantir a súa continuidade. Neste senso as asociacións de autónomos asinantes deste convenio teñen capacidade para recoller a información de negocios para a remuda xeracional co fin de visar o Plan de negocios que presenten as persoas interesadas así como para incluír na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia aqueles negocios que están en vías de peche polas causas arriba sinaladas.



Sétimo

Dado o interese prioritario de establecer unha liña de colaboración entre a Consellería Emprego, Comercio e Emigración e as Asociacións de autónomos APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR, estímase xustificada a subscrición deste convenio pois estas asociacións resultan axentes idóneos, ao tratarse das únicas entidades presentes na Mesa do Autónomo cun amplo coñecemento da realidade socio-económica galega. Ademais ao ser entidades que agrupan e defenden os intereses das persoas autónomas galegas, teñen acreditada experiencia en ofrecer servizos de asesoramento integral a persoas autónomas e microempresas, tanto asesorando novos proxectos de negocio viables como fornecendo e consolidando negocios existentes.

En virtude do anterior, e acreditado que APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR cumpren cos requisitos establecidos para obteren a condición de beneficiarios, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as partes acordan subscribir este convenio para o fomento do emprendemento, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que se rexe concesión dunha axuda por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ás Asociacións de Autónomos asinantes deste convenio, para o financiamento de actividades de apoio no programa de Remuda xeracional de negocios, co fin de facilitar a dita remuda xeracional, proporcionando asesoramento e emitindo informe de valoración do Plan de negocio das persoas que o soliciten, de cara á presentación de solicitudes do Programa de axudas para a Remuda xeracional de negocios (código de procedemento TR353D), así como para incluír na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia todos aqueles negocios dos que teñan coñecemento e se atopan próximos ao peche que por falta de remuda xeracional ou por circunstancias persoais das persoas promotoras.

Segunda. Financiamento

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará para o financiamento do obxecto do Convenio, a cantidade total de doce mil euros (12.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.322C.481.3 (código de proxecto 2015 00494) que financiada con fondos, co seguinte reparto:

- Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE-Galicia): 4.000€



- Asociación de Traballadores por Conta Propia da Comunidade de Galicia (ATA Galicia): 4.000€
- Asociación Gallega de Trabaxadores Autónomos y del Mar-AGTAMAR: 4.000€

Terceira. Compromisos e obrigas das partes.

1. As Asociacións de persoas autónomas asinantes deste convenio comprométense a realizar as actividades previstas neste convenio cos medios materiais e persoais cos que conta, ou contratando aqueles que resulten necesarios para o seu desenvolvemento, ademais de poñer en valor os coñecementos e experiencia previa.
2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración financiará os gastos derivados deste Convenio de conformidade co establecido nas cláusulas segunda e sexta.
3. Todas as partes se comprometen a difundir a remuda xeracional e o espírito emprendedor que inspira o presente convenio nas súas páxinas web, redes sociais ou calquera outro medio de comunicación, así como a contribuír ás accións de xestión e supervisión durante o seu desenvolvemento
4. Cada unha das Asociacións, APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR está obrigada a:
 - a) Desenvolver a actuación recollida na cláusula cuarta e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista.
 - b) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
 - c) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
 - d) Presentar, antes da sinatura deste Convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e) Comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.



f) Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.

g) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

h) Subministrar a esta Administración, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

5. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a financiar o custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula segunda.

Cuarta. Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os gastos realizados entre a data de publicación no Diario Oficial de Galicia da convocatoria do Programa de Remuda xeracional de negocios (Procedemento TR353D) e o 1 de novembro de 2026, derivados do apoio que demande calquera persoa en relación ao seu Plan de negocio de cara á presentación da solicitude do Programa de axudas para a Remuda xeracional de negocios 2026 (código de procedemento TR353D), así como os gastos derivados do asesoramento e apoio á integración dos negocios que se remudan na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia, co seguinte desglose:

1. A Axuda para compensar os gastos de emisión de informes será de 150 € por cada un dos informes de valoración do Plan de negocio que se emitan.

Emitirase un único informe para cada Plan de negocio.

2. A Axuda para compensar os gastos de asesoramento e apoio a aqueles negocios que se integren na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia será de 100 € por cada un dos negocios incluídos na citada Bolsa de remuda, tendo como límite financeiro o orzamento de 4.000€ previsto na cláusula segunda para cada unha das Asociacións.

3. Ambos gastos, a axuda para compensar os gastos de emisión de informes e a axuda para compensar os gastos de asesoramento e apoio aos negocios que se integren na Bolsa de remuda, teñen como límite financeiro o orzamento de 4.000€ previsto na cláusula segunda, para cada unha das Asociacións.



Quinta. Xustificación dos gastos subvencionables

1. As Asociacións intervenientes neste convenio deberán presentar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas como data límite do 1 de decembro de 2026. A presentación será por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cada unha das Asociacións asinantes xustificará a totalidade da contribución efectuada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante os seguintes documentos:

a) Certificación expedida polo órgano da entidade que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade do convenio suscrito e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto que inclúa unha relación detallada das expedientes realizados para cumprir o obxectivo deste convenio.

b) Declaración complementaria do conxunto de axudas, ingresos ou recursos percibidos, de ser o caso, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para financiar as mesmas actuacións previstas no convenio, con indicación do importe e a súa procedencia sen que en ningún caso a suma das axudas poida superar o 100% do custo total das actividades subvencionadas.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Administración Tributaria de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

d) Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes (como mínimo desagregado por sexo e idade) e un resumo global dos resultados obtidos. A dita memoria entregarase tamén en formato editable e axustarase ao formato que determine a Consellería Emprego, Comercio e Emigración.

e) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

f) Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

2. Cada unha das Asociacións asinantes deste convenio responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.





Sexta. Pagamentos

Á vista da documentación xustificativa, a Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento estipulado na cláusula segunda e sempre que se cumpra coa finalidade inicialmente prevista, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe do convenio conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, as Asociacións APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR quedan exonerada da constitución de garantías.

Sétima. Incompatibilidade

A subvención regulada neste convenio será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada.

Oitava. Confidencialidade

As Asociacións APE Galicia, ATA Galicia, e AGTAMAR comprométense a establecer todos os medios necesarios para protexer a información confidencial cun grao de seguridade que non poderá ser inferior a un grao razoable de protección.

Os deberes de confidencialidade que APE Galicia, ATA Galicia, e AGTAMAR asumen en virtude deste Convenio permanecerán en vigor tras a extinción do mesmo por calquera causa, salvo que a información confidencial sexa dada a coñecer publicamente por quen sexa o titular da mesma ou do secreto.

As Asociacións APE Galicia, ATA Galicia, e AGTAMAR comprométense a devolver a información confidencial no momento da extinción do Convenio, e quedará terminantemente prohibido a destrución de calquera documento relativo aos informes que leven a cabo no marco do



presente Convenio, sen previo consentimento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Novena. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décima. Modificación, resolución do convenio e perda do dereito ao cobro

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención instrumentalizada no presente convenio dará lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei; e, en particular cómpre estar ao disposto no artigo 31. 4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, segundo o cal "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira".

En canto as causas de resolución do convenio, serán as seguintes:

- a) O incumprimento do seu obxecto.
- b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- c) As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- d) A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- e) A introdución de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de Seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou noutras leis.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Así mesmo, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro total ou parcial ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías percibidas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que



dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por dúas persoas funcionarias da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e dúas persoas por parte de cada unha das Asociacións, APE Galicia, ATA Galicia, e AGTAMAR.

A Comisión constituirase no prazo de 30 días contados desde a sinatura deste convenio.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (sección III, co capítulo I do título I, artigos 15 e seguintes respecto dos órganos Colexiados).

Décimo segunda. Natureza xurídica, réxime normativo e xurisdición competente

Este convenio terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas. polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, polo capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira. Autorizacións, publicidade e inscrición en rexistros

APE Galicia, ATA Galicia, e AGTAMAR autorizan á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.





O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal.

Todas as actuacións derivadas do presente convenio realizaranse con suxeición ao regulado pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento da mesma. As Asociacións APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR comprométese a cumprir todas as obrigas legais vixentes en materia de protección de datos. O posible incumpridor queda suxeito á responsabilidade do pago dos danos e prexuízos causados como consecuencia do seu incumprimento, entre os cales se inclúen os derivados das sancións administrativas e os importes a que se poida condenar á parte incumpridora na xurisdición civil, contencioso-administrativa ou penal por este concepto; así como os gastos ocasionados nos eventuais procedementos. As Asociacións APE Galicia, ATA Galicia e AGTAMAR son responsables do tratamento dos datos, solicitarán o consentimento das persoas participantes dos proxectos cuxos datos persoais e de contacto remítanse á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Décimo quinta. Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 1 de decembro de 2026.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes asinan asinan na data da sinatura electrónica.



O Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

O Presidente da Asociación de Traballadores por Conta Propia da Comunidade de Galicia (ATA – Galicia)

Rafael Granados Guillén

O Presidente da Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia)

José Ramón Caldas Martínez

O Presidente da Asociación Gallega de Trabaxadores Autónomos y del Mar (AGTAMAR)

Eduardo Abad Sabarís

